

XII REBUMBIO MATEMÁTICO 2011-2012

Para o alumnado de 6º de Educación Primaria

Organiza:

Asociación Galega do
Profesorado de
Educación Matemática



Patrocina:

Concello de A Coruña



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Colaboran:

Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria
da Xunta de Galicia



CASIO®

A Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) na súa intención de establecer e manter vivo o contacto permanente cos Centros de Educación Primaria e co seu profesorado, especialmente co de matemáticas, convoca por 12ª vez esta actividade coa finalidade de contribuír á mellora da educación en xeral, e do proceso de ensinanza - aprendizaxe das matemáticas en particular.

Trátase dunha actividade que tenta fomentar o espírito cooperativo e de traballo en grupo. De aí a súa estrutura e o seu desenvolvemento. As actividades matemáticas a desenvolver serán variadas alternándose as de tipo manipulativo coas de dedución e razoamento, de xeito que motiven aos participantes.

<http://www.agapema.org> ou <http://www.edu.coruna.es>

XII REBUMBIO MATEMÁTICO PARA O ALUMNADO QUE CURSA 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA

BASES

1. Participantes:

Poden participar todos os estudantes dos centros educativos de Galicia matriculados en 6º de Educación Primaria no curso 2011/12, formando equipos de tres persoas, que traballarán na resolución dos problemas de xeito cooperativo.

A efectos territoriais distínguense sete zonas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Os centros que desexen participar formalizarán, antes do 10 de marzo, a súa inscrición enviando por correo electrónico o Anexo I, indicando o número de equipos (un por clase) que van a participar e o profesorado responsable da participación á dirección de correo electrónico xiirebumbio@agapema.com

A comunicación cos participantes realizarase, salvo que se indique o contrario na inscrición, a través do correo electrónico que se nos facilite. Para calquera comunicación coa organización débese utilizar o correo electrónico xiirebumbio@agapema.com

Os gastos de desprazamento e outros que se puideran derivar da participación no Rebumbio correrán por conta dos participantes.

2. Comité Organizador:

O Comité Coordinador está constituído por membros de AGAPEMA.

En cada zona constituirase un Comité encargado de orientar a Fase de Centro e de organizar a Fase de Zona.

O Comité Coordinador ten entre as súas funcións nomear o xurado da Fase Final Galega.

3. Fases do Rebumbio. O Rebumbio Matemático consta de tres fases:

a) Fase de Centro:

Cada profesor ou profesora debe poñer en marcha na súa clase ou clases, con todo o alumnado, un proceso de tratamento de Resolución de Problemas, individual e cooperativamente, de xeito que todos os alumnos teñan participación. Unha vez rematado este proceso de posta en práctica de Resolución de Problemas, cada profesor tomará a decisión sobre o equipo de tres persoas de cada aula que enviará á Fase de Zona.

Antes do 31 de marzo de 2012, cada Centro comunicará os nomes dos participantes que forman cada equipo cubrindo a ficha que figura no Anexo II e remitíndoa por correo electrónico a xiirebumbio@agapema.com

b) Fase de Zona:

Cada centro pode participar con un equipo de tres persoas por cada unha das súas unidades (grupo -clase) de 6º de Educación Primaria e os equipos participantes deben adoptar un nome relacionado coas matemáticas: nome dun matemático (Gauss, Pitágoras, Thales, Ada Lovelace, Hipatia, Emma Castelnuovo, Miguel de Guzmán, Rey Pastor, María Wonenburger, Puig Adam ...), teorema, corrente, unidades de medida, números, xeometría, azar, operación, signo...

A celebración desta fase terá lugar o **venres, 27 de abril, ás 10:30 h** en todas as sedes (sempre que haxa un número mínimo de cinco equipos inscritos na sede correspondente; de haber menos indícaráselles a zona na que poden participar). Cada Centro participará no lugar que designe a organización en función do número de participantes, procurando que os desprazamentos sexan o máis reducidos posible, e comunicaráselles oportunamente ós centros inscritos a través do correo electrónico facilitado.

A proba, que será a mesma e simultánea para todas as zonas, **consistirá na resolución de SEIS problemas** por parte dos tres membros de cada equipo traballando conxuntamente, de maneira cooperativa. Na valoración dos problemas primará o método de resolución empregado, a súa orixinalidade, as estratexias utilizadas, os procesos de representación, a expresión escrita do proceso seguido, o emprego correcto de unidades (se fose o caso), etc, por enriba da mera solución.

Os participantes aportarán o material que consideren necesario na resolución das probas (bolígrafo, lapis, regra, calculadora...), xa que só se lles facilitará papel DIN A4.

Segundo o número de equipos presentados en cada zona, farase un reparto proporcional das 15 prazas que hai na final, comunicándose á cada unha delas o número de equipos que se clasificarán durante o desenvolvemento da proba.

c) Fase Final Galega:

O obxectivo desta xornada é ter un día de convivencia dos 15 equipos clasificados, realizar as probas correspondentes, semellantes ás da Fase de Zona, e desenvolver outro tipo de actividades de carácter lúdico dentro da ampla oferta da cidade da Coruña.

Esta Fase Final terá lugar o **25 de maio, venres, ás 10:30 h no Fórum Metropolitano (Parque Europa) da Coruña**, segundo o horario que se xunta.

A organización desta fase corre a cargo de AGAPEMA, co patrocinio do Concello da Coruña e a colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Xurado da Fase Final encargárase da valoración das probas e designará os gañadores. O seu fallo será inapelable. A corrección realizarase asegurando tanto o anonimato de cada participante como o do centro de procedencia. Non se fará pública, en ningún caso, a puntuación obtida por cada equipo participante.

Entregarase un diploma acreditativo a todos os participantes da Fase Final Galega. Os tres equipos participantes que demostren unha maior destreza na resolución de problemas recibirán, ademais do diploma acreditativo, un obsequio.

4. Interpretación:

A interpretación das bases correspóndelle ó Comité Coordinador.
Para contactar coa organización: xiirebumbio@agapema.com

O XII REBUMBIO DÍA A DÍA.

DATA	HORA	TAREFA	OBSERVACIÓNS
10 de marzo		Comunicar por correo electrónico o número de equipos e os datos do centro (Anexo I)	
31 de marzo		Comunicación por correo electrónico dos nomes e compoñentes dos equipos (Anexo II)	Ficha con tódolos datos dos alumnos
27 de abril	10:30	Probas Fase de Zona	Utensilios alumnos
4 de maio		Cada Xurado de Zona envía participantes para a Fase Final	
8 de maio		Publicación dos finalistas na web	
25 de maio	10:30	Fase Final	Utensilios alumnos

Día da Fase Final Galega, na Coruña

XII REBUMBIO MATEMÁTICO	
Programa de actividades da Fase Final. 25 de maio 2012	
10:30	Recepción, entrega e explicación do programa xeral
10:45	Información ós equipos do desenvolvemento das probas
11:00	Proba por equipos
12:45	Remate da proba
13:00	Actividades propostas polo Concello
14:30	Xantar do alumnado, profesorado e organización
16:30	Actividades propostas polo Concello
17:30	Entrega de premios, recordos e despedida
O Punto de Encontro (chegada e saída) será o Fórum Metropolitano. Os participantes realizarán os seus desprazamentos pola cidade desde Fórum no autobús da organización e, ó remate da entrega de recordos, volverá a deixalos outra vez no Fórum. Entre as 17:30 h e as 18:00 h, procederase a realizar o acto final no Fórum Metropolitano.	

Anexo I

FICHA DE INSCRIPCIÓN NO XII REBUMBIO MATEMÁTICO

(Cada centro enviará a ficha de inscrición cos datos que se indican antes do 10 de marzo de 2012)

Todas as comunicacións faranse vía email: xiirebumbio@agapema.com

Nome do Centro:	
Enderezo:	
Concello:	Provincia:
Tfno:	E-mail:
Mestre ou mestra de contacto:	
Tfno:	E-mail:
Número de equipos de tres persoas que participarán na fase de zona: (un por grupo -clase de 6º)	

Anexo II

FICHA PARA COMUNICAR OS NOMES DOS PARTICIPANTES DE CADA EQUIPO NO XII REBUMBIO MATEMÁTICO

(Cada centro enviará esta ficha cos datos dos membros de cada equipo participante antes do 31 de marzo de 2012)

Todas as comunicacións faranse vía email: xiirebumbio@agapema.com

Centro:		
Concello:		
Equipo nº 1, Nome matemático do equipo*:		
nº	APELIDOS	NOME
1		
2		
3		

Equipo nº 2, Nome matemático do equipo:		
nº	APELIDOS	NOME
1		
2		
3		

Equipo nº 3, Nome matemático do equipo:		
nº	APELIDOS	NOME
1		
2		
3		

Equipo nº 4: Nome matemático do equipo:		
nº	APELIDOS	NOME
1		
2		
3		

* Cada equipo participante debe adoptar un nome relacionado coas matemáticas: nome dun matemático (Gauss, Pitágoras, Thales, Ada Lovelace, Hipatia, Emma Castelnuovo, Miguel de Guzmán, Rey Pastor, María Wonenburger, Puig Adam...), teorema, corrente, unidades de medida, números, xeometría, azar, operación, signo...